

ACTA DO TRIBUNAL DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA, COMO FUNCIONARIO/A DE CARREIRA, DE OFICIAL ADMINISTRACIÓN, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, INCLUÍDA NA OEP 2024.

Sendo as 11,00 horas do día 09.07.2025, reúnen os membros do tribunal cualificador seguidamente relacionados, designado por resolución da alcaldía do 19.03.2025, para os efectos da resolución de alegacións presentadas contra as puntuacións do 3º exercicio da oposición, e outorgamento de puntuacións definitivas do mesmo, e cuxa composición foi publicada no BOP do 25.03.2025 e na páxina web e taboleiro de edictos do concello.

Asisten os seguintes membros:

Presidenta:

María Dolores Torrado Ares.

Secretario:

Javier Nieves González.

Vogais:

María Dolores Landeira Liñares.

Julio Mallo Nieto.

Co quórum esixido pola base 6 para a válida actuación do tribunal, procédese á resolución de alegacións presentadas contra as puntuacións do 3º exercicio da oposición, que foi realizado con data 27.06.2025, e outorgamento de puntuacións definitivas do mesmo.

Vistos os escritos de alegacións que constan no expediente, seguidamente relacionados, o tribunal por unanimidade tomou os seguintes acordos:

1. Escrito presentado por Rosa Ana Paz Boo (r.e. 202599900001112), no que sinala:

Que tras finalizar a terceira proba do proceso selectivo realizada o venres 28 de xuño de 2025, unha vez que o presente faltaba o arquivo odt de libre office writer e tras decirlle ao membro do tribunal que o tiña no ordenador non me deu a posibilidade de poñelo no pendrive. Había unha opositora detrás miña que non entregou en tempo o exercicio, pois non o atopaba no ordenador e quedou ela soa tras a finalización da proba. Non aparece ningún dos asistentes cun cero, non pido que lle poñan un cero pero si que todos recibamos o mesmo trato e teñan en conta a mesma valoración para o meu exercicio que o documento gardado en pdf; pois simplemente era gardado como pdf é o exercicio é o mesmo.

Contestación:

Están na mesma situación e non se lle deu a posibilidade de entregalo fora de tempo, evidentemente; entregou en tempo o exercicio e o único que non atopaba no ordenador foi o pdf, que finalmente non entregou, pero é que ademais esa aspirante tivo unha puntuación de 0,25 puntos, por non nomear correctamente o documento en odt, e a interesada obtivo unha puntuación de 0,50 puntos porque si realizou correctamente ese paso.

Consonte coa contestación á alegación sinalada, o tribunal por unanimidade acorda desestimar a alegación, por considerar correctamente valorado o exercicio.

2. Escrito presentado por Javier Fernández López, (r.e. 202599900001118), no que sinala:

PRIMERO.- Que se me indique de forma concreta qué errores o carencias justifican que no se me haya otorgado la puntuación máxima, ya que considero haber realizado correctamente las tareas exigidas.

SEGUNDO.- Que la tarea consistente en "Aplicar Estilo administrativo (Fecha/Asunto/Cuerpo)" no sea tenida en cuenta en la valoración del ejercicio, pues la respuesta a la misma no está definida en la guía oficial de LibreOffice Writer (<https://documentation.libreoffice.org/assets/Uploads/Documentation/es/WG73/Guia-Writer-7.3.pdf>) y su concreto significado puede dar lugar a distintas interpretaciones.

Contestación:

PRIMEIRO:

Na segunda parte do exercicio de Libre Office Calc, no apartado C pedíase realizar as seguintes tarefas:

- Crear un filtro automático para visualizar só as persoas menores de idade da parroquia de Brión.
- Ordenar os datos pola data de alta no padrón, da máis recente a máis antiga.

Visualizando o exercicio entregado polo participante, tanto en formato PDF como en ODT, observase que non realizou correctamente ningunha das dúas tarefas solicitadas, que se puntuaban cada unha delas con 1 punto.

SEGUNDO:

Aplicar estilo administrativo (data/asunto/corpo) nada ten que ver co manexo de Libre Office senón coas características do posto. A súa puntuación nesta parte do exercicio é a máxima (2 puntos).

Consonte coa contestación ás alegacións sinaladas, o tribunal por unanimidade acorda desestimar as alegacións, por considerar correctamente valorado o exercicio.

En función do resultado das alegacións presentadas anteriormente especificado, as puntuacións provisionais outorgadas quedan elevadas a definitivas.

Puntuacións definitivas:

APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	Puntos
ASTRAY	BARCA	MINIA	7,83
BLANCO	MARTINEZ	ANA HAYDEE	5,83
CASTRO	RIVEIRO	ANA	7,16
DORAL	GARCIA	OSCAR	15,00
FERNANDEZ	LOPEZ	JAVIER	13,00
FERNÁNDEZ	PEREZ	DANIEL	12,16
MEIZOSO	MAZAS	SANDRA	7,83
PAZ	BOO	ROSA ANA	7,08
RODRÍGUEZ	SUAREZ	SILVIA	11,66
SABORIDO	PIÑEIRO	LIDIA	10,99

VILLARES	BALSA	MARIA DOLORES	9,41
----------	-------	------------------	------

O tribunal por unanimidade acorda:

1º) Publicar as puntuacións definitivas obtidas na páxina web municipal e no taboleiro de edictos do concello.

2º) **Convocar ao aspirante DANIEL FERNÁNDEZ PÉREZ, por non ter acreditado documentalmente estar en posesión do coñecemento da lingua galega requirido nas bases, para a realización do cuarto exercicio da oposición que terá lugar o luns, 14 de xullo de 2025, ás 9,30 horas, no salón de plenos da Casa do Concello, sita en Praza do Concello, 1. C.P. 15865 Brión.** Coa finalidade de acreditar a súa identidade a persoa aspirante deberá presentar o DNI ou, no seu defecto, permiso de conducir ou pasaporte.

E non habendo máis asuntos que tratar remata a sesión sendo as 11,30 horas, de todo o que se levanta a presente acta que en proba de conformidade asinan os asistentes, de todo o que como secretario certifico.